

RESOLUCIÓN REITORAL DO DE 23 FEBREIRO DE 2024 POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS PARA A ESCOLA INFANTIL “CONCEPCIÓN SAIZ OTERO” DO CAMPUS DE OURENSE PARA O CURSO ESCOLAR 2024/25

Dentro das actuacións da Universidade de Vigo, dispónse dunha oferta de prazas na escola infantil da Universidade no Campus de Ourense, e esta Reitoría convoca a súa cobertura de conformidade coas seguintes:

BASES

Primeira.- Número e características das prazas.

O período polo que se conceden as presentes prazas será o correspondente ao curso escolar 2024/25.

Convócanse **41 prazas** de renovación e nova adxudicación na Escola Infantil do Campus de Ourense “Concepción Saiz Otero” para os fillos e fillas de membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo. Os integrantes da comunidade universitaria son: o persoal docente e investigador (PDI), incluído o persoal contratado con cargo a proxectos ou convenios, o persoal de administración e servizos (PAS) e o estudantado matriculado en titulacións oficiais da Universidade de Vigo durante o curso académico 2023/24. Ao persoal da Fundación Universidade de Vigo e o estudantado do Programa para Maiores da Universidade de Vigo consideraráselles equiparados á comunidade universitaria aos efectos desta convocatoria.

No caso de que a oferta do servizo non se cubra coa demanda dos membros da comunidade universitaria poderán optar:

- a) Primeiro, outros familiares con vinculación indirecta coa comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as de estudantes de titulacións oficiais, de traballadores/as en activo ou de xubilados/as da Universidade de Vigo.
- b) Segundo, os fillos e fillas de persoas que residan ou traballen na cidade de Ourense.

A efectos desta convocatoria, asimilárase ao representante legal do neno/a como pai/nai e ao menor en acollida como fillo/a.

As prazas distribúense segundo a idade dos nenos e nenas da seguinte forma:

- 8 prazas para nenos e nenas ata 1 ano de idade.
- 13 prazas para nenos e nenas de 1 a 2 anos de idade.
- 20 prazas para nenos e nenas de 2 a 3 anos de idade.

O número de prazas é o que establece a normativa da Xunta de Galicia en función da superficie das aulas, polo que en ningún caso as vacantes que se puidesen producir en calquera dos grupos de idade sinalados dará lugar ao incremento correlativo do número de prazas noutro. Os horarios, servizos e prezos da escola infantil especifícanse no Anexo 1.

Segunda.- Persoas beneficiarias.

1. Serán requisitos imprescindibles para ser beneficiario/a de praza na escola infantil do campus de Ourense:
 - Que o neno ou nena estea nado/a no momento da presentación da solicitude, ou que teña unha idade mínima de tres meses no inicio do curso escolar 2024/25.
 - Que o neno ou nena non teña cumpridos os tres anos de idade ao 31 de decembro de 2024.

2. Renovación de praza.

Poderán renovar a praza os que tiveran a condición de beneficiarios/as da escola infantil durante o curso académico 2023/24, a partires do indicado nesta base segunda e sempre que cumpran cos requisitos da base primeira.

Na renovación garantirase a praza a aqueles beneficiarios e beneficiarias da escola infantil que non soliciten ningún cambio na súa xornada escolar respecto ao curso 2023/24.

No caso das persoas beneficiarias que soliciten un cambio da súa xornada escolar respecto ao curso 2023/24, as súas solicitudes someteráanse a baremo novamente.

3. Solicitude de praza por primeira vez.

- a) Poderán optar á adxudicación dunha nova praza os pais ou as nais con fillos/as ata os 3 anos que sexan traballadores/as da Universidade (PAS ou PDI, incluído o persoal contratado con cargo a proxectos ou convenios) en servizo activo, en excedencia para coidado de fillos e fillas ou de familiares ou en servizos especiais ou situacións equivalentes no caso de prestación de servizos en réxime laboral e alumnado de titulacións oficiais .

Ao persoal da Fundación Universidade de Vigo e ao estudantado do Programa para Maiores da Universidade de Vigo consideraráselles equiparados á comunidade universitaria aos efectos desta convocatoria.

Ademáis, teranse en consideración as solicitudes das persoas que se vaian incorporar á plantilla de persoas traballadoras da Universidade de Vigo ao inicio do curso 2024/25, que acheguen a oportuna xustificación da Universidade ao respecto.

En calquera dos casos recollidos nesta letra a), os prezos a satisfacer serán os que se recollen no Anexo I para “Membros da comunidade universitaria”.

- b) No caso de quedar vacantes poderán optar á praza os pais ou nais de nenos ou nenas de ata 3 anos que sexan netos/as e sobriños/as dos traballadores e traballadoras en activo ou de xubilados/das da Universidade de Vigo.

Se aínda quedasen prazas vacantes, poderán optar ao servizo as persoas residentes ou as persoas que traballen na cidade de Ourense con menores ao seu cargo ata os 3 anos.

En calquera dos casos recollidos nesta letra b), os prezos a satisfacer serán os que se recollen no Anexo I para “Resto dos casos”.

Terceira.- Solicitudes e documentación.

As solicitudes, tanto de renovación como de adxudicación de nova praza, poderán presentarse dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ata as 23:59 horas (hora peninsular española) do día **22 de marzo de 2024** na sede da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), achegando os formularios e documentación que procedan segundo o que se indica de seguido. A presentación de solicitudes será exclusivamente a través da sede, no procedemento “Convocatoria de prazas na escola infantil do Campus de Ourense”. Non se admitirán a trámite aquelas solicitudes que se presenten por outras vías. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

1. Renovación de praza.

As persoas interesadas que xa obtiveran praza no curso 2023/24, e que non soliciten cambio de quenda, deberán remitir a solicitude de renovación de praza, dirixida á Vicerreitora do Campus de Ourense, segundo o modelo que se acompaña como Anexo 2 desta convocatoria xunto coa seguinte documentación:

- No caso de persoas que se vaian a incorporar á plantilla de persoal traballador da Universidade, deberán presentar xustificación da Universidad neste senso.
- No caso do persoal da Fundación Universidade de Vigo, deberán presentar certificación expedida pola mesma na que acredite a existencia de relación laboral e, de ser o caso, situación (ou equivalente) na que se atope.
- No caso do estudantado, deberá presentar un compromiso de matrícula para o curso 2024/25, segundo o modelo do anexo 4. Antes do 1 de setembro, procederase a comprobar, por parte da Universidade, que as matrículas se fixeron efectivas, decaendo do seu dereito á praza as persoas solicitantes que non cumbran este requisito.
- As persoas de fóra da comunidade universitaria deberán presentar certificado oficial actualizado de residencia na cidade de Ourense ou certificado actualizado da empresa no que figure que o pai ou a nai traballan na cidade de Ourense.

No caso de cambio de quenda, os/as interesados/as deberán presentar xunto coa súa solicitude a mesma documentación requerida ás persoas que solicitan praza por primeira vez.

2. Petición de praza por primeira vez.

As persoas interesadas en prazas de nova adxudicación, que reúnan os requisitos esixidos, deberán dirixir a solicitude á vicerreitora do campus de Ourense, segundo o modelo que se acompaña como Anexo 3 desta convocatoria xunto coa seguinte documentación:

- As persoas que se vaian a incorporar á plantilla de persoal traballador da Universidade deberán presentar xustificación da Universidade da devandita situación.
- O persoal da Fundación Universidade de Vigo deberá presentar certificación expedida pola mesma na que acredite a existencia de relación laboral e, de ser o caso, situación (ou equivalente) na que se atope.
- O estudantado deberá presentar un compromiso de matrícula para o curso 2024/25, segundo o modelo do anexo 4. Antes do 1 de setembro, procederase a comprobar, por parte da universidade, que as matrículas se fixeron efectivas, decaendo do seu dereito á praza as persoas solicitantes que non cumpran este requisito.
- Os familiares con vinculación indirecta coa comunidade universitaria deberán presentar xustificación da relación familiar.
- As persoas de fóra da comunidade universitaria deberán presentar certificado oficial actualizado de residencia na cidade de Ourense ou certificado actualizado da empresa no que figure que o pai ou a nai traballan na cidade de Ourense.
- A Universidade de Vigo procederá á consulta interadministrativa dos datos correspondentes á identidade (DNI, NIE ou pasaporte) do pai, da nai ou do responsable legal do neno ou nena. Se por motivos relacionados coa concreta situación persoal, algún dos afectados se opuxese á consulta, deberá indicalo expresamente no Anexo 3 e achegar copia do documento de identificación a cuxa consulta se opón. Excepcionalmente, no caso de que algún dos documentos de identidade non puideran ser consultados por esta vía poderáselles requirir ás persoas interesadas que achegen copia deles.
- Copia do libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. No caso de que o neno/a non nacera no momento da presentación da solicitude, esta documentación achegarase con posterioridade.
- Certificado resumo da declaración anual do IRPF correspondente ao exercicio de 2022 relativo aos ingresos da unidade familiar expedido pola Axencia Tributaria (non é suficiente copia da declaración da renda).
No caso de que a persoa interesada non estea obrigada a presentar a declaración anual da renda deberá presentar unha certificación dos datos existentes na Administración

Tributaria, expedida pola citada Axencia, agás aquelas persoas solicitantes de devolución rápida que deberán achegar unha copia da comunicación que lles envía a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- Documentación acreditativa dos aspectos relacionados coa situación socio familiar e da situación laboral e familiar que se desexa que sexan tidos en conta e puntuados consonte co previsto nos puntos 1º e 2º do baremo que figura como Anexo 5.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e revisada a documentación recibida, publicarase a relación provisoria de solicitudes admitidas e excluídas a trámite, con indicación dos motivos de exclusión. As persoas solicitantes disporán dun prazo de cinco días hábiles para a emenda das causas de exclusión de conformidade cos requisitos establecidos na convocatoria.

Posteriormente ditarase unha resolución reitoral coa relación definitiva das solicitudes admitidas e excluídas a trámite. As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Unha vez baremadas as solicitudes admitidas a trámite pola Comisión, publicarase a resolución provisoria de persoas seleccionadas e lista de agarda e abrirase un prazo de reclamacións de cinco días hábiles, a partires do día seguinte ao da publicación. Finalizado este prazo de reclamacións, e revisadas as recibidas, procederase á publicación da resolución definitiva de seleccionados/as e lista de agarda.

As listaxes publicaranse indicando o nome completo da persoa solicitante, xunto co nome de pila do neno/a para o que se solicita a praza.

O procedemento de adxudicación de prazas estará resolto antes do 31 de maio de 2024.

Cuarta.- Criterios de selección.

1. Renovación de praza.

Os pais e nais de nenos e nenas beneficiarios de praza no curso académico 2023/24 que tiveran feito un uso regular da mesma solicitarán a súa renovación no prazo que establece a presente convocatoria, dando prioridade segundo os seguintes criterios de selección:

- En primeiro lugar, solicitudes presentadas por pais e nais membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- En segundo lugar, solicitudes presentadas por outros familiares con vinculación indirecta coa comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as de traballadores/as en activo ou de xubilados/as da Universidade de Vigo.
- En terceiro lugar, solicitudes presentadas por residentes ou traballadores/as na cidade de Ourense.

2. Pedimento de praza por primeira vez.

Renovadas as prazas de 1 a 2 e de 2 a 3 anos, a adxudicación de novas prazas farase dando prioridade aos seguintes criterios:

- En primeiro lugar, as solicitudes presentadas por pais e nais membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo. E dentro destes terán preferencia os solicitantes de xornada completa fronte a media xornada.
- En segundo lugar, e unha vez cuberta a demanda da comunidade universitaria da Universidade de Vigo e sempre que queden prazas vacantes, solicitudes presentadas por outros familiares con vinculación indirecta coa comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as de traballadores/as en activo ou de xubilados/as da Universidade de Vigo. E dentro destes terán preferencia os solicitantes de xornada completa fronte a media xornada.
- En terceiro lugar, en caso de quedar prazas vacantes e unha vez cuberta a demanda dos grupos sinalados nos apartados precedentes, solicitudes presentadas por residentes ou traballadores/as na cidade de Ourense. E dentro destes terán preferencia os solicitantes de xornada completa fronte a media xornada.

As prazas adxudicaranse ás persoas solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo 5, tanto no caso de renovación como de pedimento de praza por primeira vez.

O proceso de selección farase pola Comisión Permanente delegada do Consello de Campus de Ourense, formada por:

- Presidente: Francisco Javier Rodríguez Rajo, Vicerreitor do Campus de Ourense
- Secretaria: María Montserrat Cruz González, sector decanos/as área Ciencias Sociais e Xurídicas
- Julio Prada Rodríguez, sector decanos/as área Artes e Humanidades
- Arno Formella, sector decanos/as ou directores/as área Enxeñaría e Arquitectura
- Pedro Araujo Nespereira, sector decanos/as área de Ciencias
- María Remedios Lameiro Diéguez, sector PAS
- Pilar Aurora Araújo Araújo, sector Alumnado
- Luis Pérez Pérez, representación sindical PAS

Quinta.- Listas de agarda.

Coas persoas que, na adxudicación inicial, non obtiveran unha praza, constituiranse tres listas de agarda:

- Para nenos/as menores dun ano de idade.
- Para nenos/as de 1 a 2 anos de idade.
- Para nenos/as 2 a 3 anos de idade.

As prazas que con posterioridade á primeira adxudicación foran quedando vacantes serán ofertadas por rigorosa orde aos integrantes das citadas listas.

Sexta.- Solicitudes cursadas ao longo do curso escolar.

No caso de quedar prazas vacantes con posterioridade á adxudicación prevista nesta convocatoria, ou que se produzan tras iniciarse o curso académico, poderanse solicitar en calquera momento do curso escolar, sempre que reúnan os requisitos que establece a base terceira desta convocatoria.

Sétima.- Obrigas das persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias dunha praza na escola infantil do campus de Ourense deberán formalizar a matrícula na devandita escola (**na xornada solicitada**) no prazo que se especificará na resolución definitiva de adxudicación de prazas. No caso en que non formalicen a matrícula no dito prazo, agás casos de forza maior debidamente xustificada, entenderase que renuncian á praza que lle foi asignada.

Os persoas adxudicatarias de praza na escola infantil do campus de Ourense que non incorporen aos seus fillos/as á citada escola no prazo de 15 días naturais a partir do comezo do período lectivo ou, no seu caso, a partir da data de adxudicación da praza, se esta se producira con posterioridade á iniciación do curso, entenderase que renuncian á praza e serán dados de baixa sen máis trámite, salvo comunicación á escola.

O retraso inxustificado no abono das mensualidades da escola infantil do campus de Ourense poderá dar lugar a perda da parte ou da totalidade da praza, segundo proceda.

Oitava.- Adxudicación de prazas.

O proceso de matrícula na escola infantil, así como a xestión do resto do servizo que comprende a prestación da actividade, será realizada pola empresa adxudicataria, baixo a supervisión da Universidade de Vigo.

As persoas adxudicatarias que non formalicen en prazo a matrícula, perderán o dereito á praza, procedendo a adxudicarse ditas prazas ás solicitudes en lista de agarda, por rigorosa orde.

Novena.- Obrigas da Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo non é responsable da xestión da escola infantil. En calquera caso, a Universidade de Vigo velará polo cumprimento estrito da legalidade da que é responsable a empresa adxudicataria, esixindo para iso a información necesaria.

A prestación do servizo da escola infantil comezará o **2 de setembro de 2024**, salvo causas de forza maior, que impidan a prestación do servizo.

Décima.- Información sobre Protección de datos.

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de resolver a Convocatoria de axudas a grupos de investigación do Campus de Ourense (INOUCampus Auga 2024) e amparados pola lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-

Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información:
<https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Undécima.- Publicidade.

A presente Resolución será publicada no taboleiro electrónico oficial da sede electrónica da Universidade de Vigo así como no taboleiro de convocatorias do portal institucional da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR

ANEXO 1

HORARIOS, PREZOS E SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS DE OURENSE

HORARIOS:

A escola infantil do campus de Ourense prestará servizos durante 11 meses, de setembro a xullo, ámbolos dous incluídos. Sen prexuízo de que no seu momento se poida determinar pola universidade outros horarios de servizo, inicialmente fíxanse os horarios seguintes:

Servizo de escolaridade: o horario lectivo de ensinanza da escola infantil cubrirá de luns a venres:

- Mañá de 10:00 a 13:00 horas
- Tarde de 15:30 a 18:00 horas

Servizo de comedor: de 12:00 a 15:00 horas. De 12:00 a 13:00 horas comedor e de 13:00 a 15:00 horas tempo de lecer para os/as nenos/as.

Servizo de acollida e/ou permanencia. Ofértanse as seguintes quendas:

- Hora complementaria de acollida de mañá de 08:00 a 09:00 horas
- Hora complementaria de permanencia de tarde: de 18:00 a 20:00 horas

PREZOS:

Esta Escola forma parte do programa de gratuidade no primeiro ciclo de educación infantil da Xunta de Galicia

Os prezos máximos suxeitos ao procedemento de licitación pública do contrato da escola infantil do campus de Ourense, correspondentes aos servizos prestados son os seguintes:

- A. Membros da comunidade universitaria: Persoal docente e investigador (PDI), persoal de investigación ou contratado con cargo a proxectos ou convenios, persoal de administración e servizos (PAS), persoal da Fundación Universidade de Vigo e estudantado da Universidade de Vigo.

SERVIZO	PREZOS*
Matrícula (inscrición, material e seguro)	115 €
Quenda escolar de mañá (08:00 a 15:00 horas)	165 €
Escolaridade (10:00 a 13:00h e 15:30 a 18:00 horas)	165 €
Media quenda de mañá (09:00 a 13:00horas)	145 €
Media quenda de tarde (15:00 a 20:00horas)	145 €
Xantar	110 €
Merenda	40 €
Almorzo	40 €
Hora extra mensual	14 €
Hora extra diaria	6 €

*En virtude do artigo 20.uno.9º da Lei 37/1992 de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (IVE) están exentos os servizos de garda e custodia de nenos/as e a educación infantil, o que se fai extensible a servizos accesorios como comedor e transporte.

- B. Resto dos casos: outros familiares con vinculación indirecta coa comunidade universitaria (netos/as e sobriños/as de traballadores/as en activo ou de xubilados/as da Universidade de Vigo) e as solicitudes presentadas por residentes ou traballadores/as da cidade de Ourense.

SERVIZO	PREZOS*
Matrícula (inscrición, material e seguro)	135 €
Quenda escolar de mañá (08:00 a 15:00 horas)	180 €
Escolaridade (10:00 a 13:00h e 15:30 a 18:00 horas)	180 €
Media quenda de mañá (09:00 a 13:00 horas)	155 €
Media quenda de tarde (15:00 a 20:00 horas)	155 €
Xantar	125 €
Merenda	50 €
Almorzo	50 €
Hora extra mensual	20 €
Hora extra diaria	7 €

*En virtude do artigo 20.uno.9º da Lei 37/1992 de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (IVE) están exentos os servizos de garda e custodia de nenos/as e a educación infantil, o que se fai extensible a servizos accesorios como comedor e transporte.

ANEXO 2

MODELO DE SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS DE OURENSE

DATOS DO NENO/A				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO	
GRUPO DE SOLICITUDE (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> de 0 a 1 anos <input type="checkbox"/> de 1 a 2 anos <input type="checkbox"/> de 2 a 3 anos				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai, nai ou tutor/a legal)				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
DOMICILIO				
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA	E-mail	TELÉFONO
GRUPO AO QUE PERTENCE (riscar o que proceda)				
Persoal docente e investigador (PDI), incluído o persoal contratado con cargo a proxectos ou convenios, ou Persoal de Administración e Servizos (PAS) Se a persoa solicitante non é a que pertence a estes colectivos, nome e apelidos desta:				
<input type="checkbox"/> PDI ou PAS que se vaian a incorporar á plantilla de persoal traballador da Universidade				
<input type="checkbox"/> Persoal da Fundación Universidade de Vigo				
<input type="checkbox"/> Alumnado				
<input type="checkbox"/> Familiar de membros con vinculación indirecta coa comunidade universitaria, segundo a base 3 desta convocatoria				
<input type="checkbox"/> Persoas alleas á comunidade universitaria, con residencia ou traballo na cidade de Ourense				
SERVIZOS QUE SOLICITA RENOVAR (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> Quenda escolar de mañá (08:00 – 15:00h)				
<input type="checkbox"/> Escolaridade (10:00 – 13:00h e 15:30 a 18:00h)				
<input type="checkbox"/> Media quenda de mañá (09:00 – 13:00h)				
<input type="checkbox"/> Media quenda de tarde (15:00 – 20:00h)				
<input type="checkbox"/> Xantar				
<input type="checkbox"/> Merenda				
<input type="checkbox"/> Almorzo				

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
	No caso de persoas que se vaian incorporar á plantilla ao comezo do curso 2024/25, xustificación da Universidad deste extremo
	No caso do persoal da FUVI, certificación actualizada acreditativa da relación laboral con ésta.
	No caso do alumnado, compromiso de matrícula para o curso 2024/25
	No caso de persoas alleas á comunidade universitaria, certificado oficial actualizado de residencia na cidade de Ourense ou certificado actualizado da empresa no que figure que o/a solicitante traballa na cidade de Ourense.

A persoa abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos incorporados á presente solicitude.

Información básica sobre a protección dos seus datos

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar a convocatoria de prazas para a Escola Infantil “Concepción Saiz Otero” do campus de Ourense

Lexitimación: o cumprimento da misión realizada en interese público ou en exercizo dos poderes públicos conferidos ao abeiro da normativa universitaria e ao cumprimento das obrigas legais derivadas das normas reguladoras do procedemento administrativo

Cesións: non se prevén cesións a terceiros excepto á empresa que xestiona a Escola infantil

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercitar os seguintes dereitos: Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos

Procedencia da información: a propia persoa interesada ou o seu representante legal

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Sinatura da persoa solicitante

SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE OURENSE-CAMPUS AUGA

ANEXO 3

MODELO DE SOLICITUDE DE NOVO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS DE OURENSE

DATOS DO NENO/A				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO	
GRUPO DE SOLICITUDE (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> de 0 a 1 anos <input type="checkbox"/> de 1 a 2 anos <input type="checkbox"/> de 2 a 3 anos				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai, nai ou tutor/a legal)				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
DOMICILIO				
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA	E-mail	TELÉFONO
GRUPO AO QUE PERTENCE (riscar o que proceda)				
Persoal docente e investigador (PDI), incluído o persoal contratado con cargo a proxectos ou convenios, ou Persoal de Administración e Servizos (PAS) Se a persoa solicitante non é a que pertence a estes colectivos, nome e apelidos desta:				
<input type="checkbox"/> PDI ou PAS que se vaian a incorporar á plantilla de persoal traballador da Universidade				
<input type="checkbox"/> Persoal da Fundación Universidade de Vigo				
<input type="checkbox"/> Alumnado				
<input type="checkbox"/> Familiar de membros con vinculación indirecta coa comunidade universitaria, segundo a base 3 desta convocatoria				
<input type="checkbox"/> Persoas alleas á comunidade universitaria con residencia ou traballo na cidade de Ourense				
SERVIZOS QUE SOLICITA (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> Quenda escolar de mañá (08:00 – 15:00h)				
<input type="checkbox"/> Escolaridade (10:00 – 13:00h e 15:30 a 18:00h)				
<input type="checkbox"/> Media quenda de mañá (09:00 – 13:00h)				
<input type="checkbox"/> Media quenda de tarde (15:00 – 20:00h)				
<input type="checkbox"/> Xantar				
<input type="checkbox"/> Merenda				
<input type="checkbox"/> Almorzo				
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA				
<input type="checkbox"/> Copia do libro de familia ou no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.				
<input type="checkbox"/> No caso de persoas que se vaian incorporar á plantilla ao comezo do curso 2024/25,				

	xustificación da Universidad deste extremo.
	No caso do persoal da FUVI, certificación actualizada acreditativa da relación laboral con ésta.
	No caso do alumnado, compromiso de matrícula para o curso 2024/25.
	No caso doutros familiares con vinculación indirecta coa comunidade universitaria: - documentación acreditativa da relación familiar.
	No caso de persoas alleas á comunidade universitaria, certificado oficial actualizado de residencia na cidade de Ourense ou certificado actualizado da empresa no que figure que o/a solicitante traballa na cidade de Ourense.
	Certificado resumo da declaración anual do IRPF correspondente ao exercicio 2022 ou certificado de imputacións no suposto de non ter obrigación de presentar declaración da renda de todos os membros da unidade familiar.
	Documentación acreditativa da situación sociofamiliar e da situación laboral e familiar

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR (incluída a persoa solicitante)					Opóñome á consulta do doc. identidade (e achego copia)
Nome	Apelidos	NIF	Data de nacemento	Parentesco	

A persoa abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos incorporados á presente solicitude.

Información básica sobre a protección dos seus datos

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar a convocatoria de prazas para a Escola Infantil “Concepción Saiz Otero” do campus de Ourense

Lexitimación: o cumprimento da misión realizada en interese público ou en exercizo dos poderes públicos conferidos ao abeiro da normativa universitaria e ao cumprimento das obrigas legais derivadas das normas reguladoras do procedemento administrativo

Cesións: non se prevén cesións a terceiros excepto á empresa que xestiona a Escola infantil

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos

Procedencia da información: a propia persoa interesada ou o seu representante legal

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Sinatura da persoa solicitante

ANEXO 4

COMPROMISO DE MATRÍCULA PARA O ESTUDANTADO

D./D^a.

con DNI n^o, comprométese a formalizar a matrícula en estudos oficiais da Universidade de Vigo no curso 2024/25, nos termos establecidos na base primeira desta convocatoria.

Asdo.:

SR. VICERREITOR DO CAMPUS DE OURENSE-CAMPUS AUGA

ANEXO 5

BAREMO DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN NA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS DE OURENSE

A aplicación deste baremo farase por esta orde de prelación

En primeiro lugar, solicitudes presentadas por pais e nais membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo con fillos ata os 3 anos, segundo se indica na base primeira da convocatoria.

No caso de que a oferta do servizo non se cubra coa demanda dos membros da comunidade universitaria poderán optar:

- a) Primeiro, outros familiares con vinculación indirecta coa comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as de estudantes de titulacións oficiais, de traballadores/as en activo ou de xubilados/as da Universidade de Vigo.
- b) E segundo, os fillos e fillas de persoas que residan ou traballen na cidade de Ourense.

1º SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

1.1- Por cada membro da unidade familiar	2 ptos
1.2- Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea ao seu cargo	1 pto
1.3- No caso de que a/o nena/o para o que solicita praza nacese nun parto múltiple	1 pto
1.4- Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2 ptos
1.5- Pola condición de familia monoparental	3 ptos
1.6- Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6 ptos
1.7- Por irmán con praza renovada na escola	3 ptos
1.8- Pola condición de familia numerosa	3 ptos
1.9- Calquera circunstancia familiar grave debidamente acreditada	3 ptos

2º SITUACIÓN LABORAL E FAMILIAR

2.1- Situación laboral de ocupación:	
- Nai	7 ptos
- Pai	7 ptos
2.2- Situación laboral de desemprego (1):	
- Nai	2 ptos
- Pai	2 ptos
2.3. – Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga)	
- Nai	3 ptos
- Pai	3 ptos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de publicación desta convocatoria.

No caso de familias monoparentais, adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente multiplicada por dous. Só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes anteriores.

Se non se xustifica a situación laboral e familiar, este apartado será valorado con 0 puntos.

3º SITUACIÓN ECONÓMICA (neste apartado os puntos calcúlaos a táboa de baremación) Renda Per Cápita mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 30% do IPREM	+ 4 ptos
- Entre 30% e inferior ao 50% do IPREM	+ 3 ptos
- Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	+ 2 ptos
- Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	+ 1 pto
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	- 1 pto
- Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	- 2 ptos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM	- 3 ptos
- Igual ou superior ao 200% do IPREM	- 4 ptos

No caso de obter igual renda, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa. En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar, as solicitudes de xornada completa sobre as solicitudes de media xornada, e despois deste criterio dáráselle prioridade a renda per cápita máis baixa.

Para os efectos desta convocatoria están a cargo da unidade familiar as persoas que convivendo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao IPREM.

No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo. Para a súa xustificación será necesario un informe dos servizos sociais do concello correspondente onde se indique a devandita situación.

Para o caso de familias monoparentais presentarán certificado de convivencia e sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiales, en caso de familia monoparental. Enténdese por familia monoparental a unidade familiar formada por unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra persoa proxenitora non contribua economicamente ao seu sustento.

Para os efectos do cálculo da renda familiar son membros computables da unidade familiar do neno ou nena para o/a que se solicita praza o pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, de ser o caso, os/as irmáns/ás solteiros/as menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 33%, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores.